

SEXTO DE GRAO PROFESIONAL

PARTE I

PROBA DE GUITARRA

Interpretarán tres obras pertencentes a listaxe de obras adxuntas e de estilos diferentes, das cales como mínimo, unha será interpretada de memoria. Os alumnos están obrigados a presentar as partituras orixinais o tribunal xunto con dúas fotocopias das mesmas.

O tribunal pode si o considera necesario realizar outra proba para valorar a práctica de conxunto ou a lectura a primeira vista como figura nos criterios de avaliación.

b. Proba de teórico-práctica para valorar os coñecementos das materias do curso anterior. Para consultar os criterios de avaliación de ditas materias deben revisarse as respectivas programacións.

Para consultar os criterios de avaliación da proba de linguaxe musical deberán consultar a programación de dita materia.

Cada un dos exercicios anteriores puntuarase de cero a dez, tendo a obriga de obter un mínimo de cinco puntos en cada exercicio para superar a proba. A nota final será a ponderación dos dous exercicios cun valor do 70% a proba instrumental e un 30% a de coñecementos. De linguaxe musical.

REPERTORIO ORIENTATIVO

Estudos:

DIONISIO AGUADO: “Método de Guitarra” (U.M.E.), 3ª parte, nº 12, 13, 14 e 15.

A. BARRIOS: Estudio nº 3.

LEO BROUWER: “Estudios sencillos” (Max Eschig), o 16.

M. CAMARGO GUARNIERI: Estudio nº 1 (Ricordi).

NAPOLEÓN COSTE: “25 estudios op. 38” (U.M.E.), o 12 e do 17 ao 20.

DOGSON-QUINE: “Estudios” (Ricordi), do 5 ao 10.

FERNANDO SOR: “30 estudios seleccionados” (U.M.E.), o 21 e do 24 ao 26.

FRANCISCO TÁRREGA: Estudio en Re M, Recuerdos de La Alhambra, Sueño.

H. VILLALOBOS: “12 Estudios”, números 6 e 8.

Obras:

Renacemento-Barroco

J. S. BACH: Preludio BWV 995, Preludio BWV 996, Preludio BWV 997. Suite de cello I, suite de cello III.

W. BYRD: My Lord Willoughby's Welcome Home.

JOHN DOWLAND: Captain Digorie Piper's Galliard.

L. DE NARVÁEZ: Baxa de contrapunto, 22 diferencias de Conde Claros.

S. L. WEISS: Passacaille (Amsco Pub.).

Clásico-romántico

MAURO GIULIANI: Variaciones sobre la Folía de España op. 45 (Tecla).

LUIGI LEGNANI: "36 caprichos op. 20", 2 caprichos.

FERNANDO SOR: Sonata op. 15b, Variaciones op. 28 (Tecla).

FRANCISCO TÁRREGA: Danza Mora

Contemporáneo

LEO BROUWER: Fuga nº 1.

ENRIQUE GRANADOS: Danza española nº 5.

MANUEL M. PONCE: Variaciones sobre un tema de Cabezón.

J. RODRIGO: En los Trigales.

E. SAINZ DE LA MAZA: Homenaje a Toulouse-Lautrec.

F. M. TORROBA: Nocturno, Madroños.

J. TURINA: Fandanguillo.

H. VILLALOBOS: "Preludios", número 1.

PARTE II

1.- PROBA DE LINGUAXE MUSICAL

Estas probas abranguerán os contidos comprendidos nos distintos apartados das programacións de todos os cursos de Linguaxe Musical.

CONTIDOS DA PROBA

- **Ditado rítmico – melódico:** a dúas voces, e ata cinco alteracións, dunha extensión entre 8 e 16 compases. Para a realización do dictado, daráselles aos examinandos o La do diapasón, a tónica da tonalidade a empregar, o La do diapasón, os acordes tonais, o La do diapasón, a primeira nota do ditado e finalmente a velocidade do pulso (nesta orde).
- **Repentización rítmica:** con emprego das sete claves.
- **Entoación:** Repentización dun exercicio en clave de Sol con acompañamento pianístico, que apoie pero que non dobre a melodía.
- **Teoría:** Comprenderá un exercicio escrito de 10 preguntas.

Os exercicios de Teoría e Ditado, realizaranse nunha única sesión e terán a duración máxima dunha hora e media.

Para os exercicios de repentización rítmica e melódica, os examinandos disporán de 10 minutos en total para preparar en clausura ámbolos dous exercicios.

2.- PROBA DE CORO

1.- Interpretar a só a parte correspondente de dúas obras do listado que se indica a continuación. Esta listaxe é orientativa e poderá presentarse un repertorio de similar dificultade. Estas obras poderán escoitarse na súa totalidade ou parcialmente, según o criterio do profesorado.

O alumnado presentará dúas copias para o tribunal.

2.- Ler a primeira vista un fragmento de 16 compases a proposta do tribunal, cun nivel máximo do curso anterior ó que opta o alumno.

COMPOSITOR/A

Br. Leontinus
W.A.Mozart

OBRA E OBSERVACIÓNS

Laudate dominun. . CANON
Alleluia, exultate jubilate. CANON
Surrexit. Christus hodie. CANON

M. Praetorius	Jubilate Deo. . CANON
H. Beverle	Kyrie Eleison. . CANON
Estevan Salas	Un musiquito nuevo
J. Peri	Nel Puro ardor (Euridice)
G. Faurè	Benedictus, ca. 1880
F. Meldelssohn	Auf Flügeln des Gesanges (Arr. a 4 v. mixtas).
Charles Gounod	Messe brève in C (Kyrie, Gloria, Santus, Agnus Dei)
M. Penella	Habanera (Don Gil de Alcalá).
F. Chueca y J. Valverde	Xota dos ratas (A Gran Vía)
F. Chueca y J. Valverde	Chotis do Eliseo (A Gran Vía)
F. Moreno Torroba	Mazurca das sombrillas (Luisa Fernanda).
S. Golpe	Meus Amores (Arr. a 4v. mixtas)
C. Gustavino	Quen fora como o xazmín
E. Morricone	Ave María Guaraní (A Misión)

3.- PROBA DE CONXUNTO

Consistirá en:

1.- Interpretar dúas obras do listado a solo, sen achegar compoñentes.

Estas obras poderán escoitarse na súa totalidade ou parcialmente, segundo o criterio do profesorado. Nesta proba, o alumnado presentará dúas copias para o tribunal.

2. - Ler a primeira vista a solo un fragmento de 16 compases a proposta do tribunal, cun nivel máximo do curso anterior.

Esta listaxe de obras é orientativa, polo que poderán presentarse obras de similar dificultade.

COMPOSITOR/A	OBRA E OBSERVACIÓNS	INSTRUMENTACIÓN
M. Giuliani	Le Avventure di Amore op. 116	2 guitarras
M. Giuliani	Tre Polonesi Concertanti op. 137	2 guitarras
E. Granados	Valses poéticos	2 guitarras
F. Sor	L'Encouragement op. 34	2 guitarras
Manuel de Falla	A vida breve. Primera danza española (Transcripción: E. Pujol)	2 guitarras
J. K. Mertz	Tarantelle	2 guitarras
J. K. Mertz	Ständchen	2 guitarras
F. Kleynjans	Imagerie op. 43 (Arreglo: A. Kruisbrink)	3 guitarras
S. Rak	Four Moods	3 guitarras

G. Rossini	O barbero de Sevilla. Ediciones D'Oz	6 guitarras
M. Pujol	Tango, Milonga ye Final. Ediciones Orphée	2 guitarras
Fernando Sor	Duos Op.55, nº 1 e 2	2 guitarras
Adam Falckenhagen	Minuet in E ("The Baroque Guitar" F.Noad/Amsco Pub.)	2 guitarras
Minuet in canon	Minuet in canon	2 guitarras
Leonard de Call	Leichtes Trio, Op.26	3 guitarras

4.- PROBA DE NOVAS TECNOLOXÍAS

Partes das que constará a proba teórico-práctica que realizarán os alumnos:

a) **Proba escrita de coñecementos sobre os temas teóricos que aparecen na programación** do curso e que consistirá en dar resposta a unha serie de preguntas propostas polo profesor.

a) **Proba práctica sobre un programa de edición de partituras.** Ao alumno se lle entregará unha partitura que deberá reproducir o mais fidedignamente posible utilizando un programa de edición de partituras. O centro dispón do programa "FINALE 2008" se ben o alumno poderá traer previamente instalado no seu ordenador portátil outro software para a realización desta proba que poderá ser utilizado tras la aprobación por parte do profesor. (*recoméndase preguntar coa suficiente antelación ao profesor para evitar problemas no momento da proba*).

b) Proba práctica sobre un programa de edición de audio/secuenciador. Se lle pedirá ao alumno que realice unhas tarefas utilizando ben un programa de edición de audio ou ben un secuenciador. Seranlle entregadas unha serie de tarefas a realizar con algún destes programas así como o material escrito e/ou sonoro necesario para a súa realización. O centro dispón dos programas “AUDACITY” y “CUBASE” para a realización deste apartado da proba. Ao igual que no apartado anterior o alumno poderá utilizar o seu propio software instalado nun ordenador portátil para a realización desta proba sempre suxeito á aprobación do profesor da materia. *(recoméndase preguntar coa suficiente antelación ao profesor para evitar problemas no momento da proba).*

A duración total da proba non excederá das 2 horas de duración.

5.- PROBA DE HARMONÍA

A proba de acceso consistirá en:

- A harmonización dun tiple ou baixo sen cifrar, ou unha combinación de ambos, referido aos contidos expostos na programación do 4º curso da materia de Harmonía.
- Ao alumnado daráselle un tempo máximo de 90 minutos para a súa realización e posta en limpo a bolígrafo azul ou negro

5.- PROBA DE MÚSICA DE CÁMARA

1. - Interpretar dúas obras de diferentes estilos con duración total mínima de 30 minutos achegando os compoñentes do grupo, para a súa interpretación. A formación camerística será a elección do aspirante: dúo, trío, cuarteto ou

quinteto. Estas obras poderán escoitarse na súa totalidade ou parcialmente, segundo o criterio do profesorado.

Nesta proba, o alumnado presentará dúas copias para o tribunal.

2. - Ler a primeira vista a solo un fragmento de 16 compases a proposta do tribunal, cun nivel máximo do curso anterior.

Dada a diversidade de formación de grupos de Música de Cámara, non se adxunta unha listaxe orientativa de obras. Sen embargo, cabe a orientación sobre a dificultade técnica da parte correspondente ó alumnado aspirante, que será como máximo, a de dous cursos anteriores ó que opta. É dicir, si fai as probas para 6º de grao profesional, a dificultade técnica da súa parte será de 4º de grao profesional.

6.- PROBA DE HISTORIA DA MÚSICA

Aqueles alumnos e alumnas que desexen presentarse á Proba de Acceso directo a 6º Curso de Grao Profesional deberán realizar unha proba na que poidan demostrar os seus coñecementos dos contidos, non só de 4º senón tamén de 5º curso. Os contidos dos Cursos 4º e 5º xa están especificados nesta programación no lugar correspondente.

A proba escrita – para ser efectuada nunha sesión de 90 minutos- constará de catro partes relacionadas directamente ca materia impartida nas clases:

- a) Dos temas redactados relacionados co temario, para o que se facilitará como referencia un texto, unha partitura ou unha imaxe –no caso de temas de organoloxía-, esixindo unha conexión entre a teoría e o material facilitado. Máximo espazo: 2-3 folios. Puntuación: 3 puntos.
- b) Preguntas cortas, para ser contestadas en 5 ou 10 liñas. Puntuación: 3 puntos.
- c) Comentario de audicións. Extensión máxima por audición 15 liñas. Puntuación: 3 puntos.

d) Cuestións tipo test. Puntuación: 1 punto.

8.- PROBA DE ANÁLISE

A proba de acceso consistirá na análise de dúas obras, unha de **música modal** (Canto Gregoriano, Idade Media ou Renacemento), tratando os seguintes aspectos, dos que se poderá eliminar algún deles por parte do profesorado ou tribunal da proba:

- Contexto histórico e tipo de música (relixiosa, profana, instrumental, vocal...)
- Modo no que se atopa a partitura e xustificalo (nota final, repercussio, ámbito..), se se utiliza música vera ou música ficta.
- Análise desde o punto de vista melódico, rítmico, harmónico etc.
- Análise formal (esquema e explicación da mesma)

A análise dunha **obra escrita entre 1600 e 1850**, tratando os seguintes aspectos, eliminando algún deles se non fora pertinente tratalos na obra ou fragmento proposto:

- Análise sintáctico (frases, semifrases...), incluíndo neste apartado as cadencias principais, así como a súa tonalidade.
- Análise textural
- Análise rítmico
- Análise harmónico (se procede) dun fragmento da obra proposta
- Análise formal (esquema e explicación da mesma).

A duración da proba será dun máximo de 2 horas.

9.- PROBA DE REPENTIZACIÓN E ACOMPAÑAMENTO

Os alumnos que pretendan ingresar en Sexto Curso de Grao Profesional mediante a chamada "Proba de Acceso", deberán acreditar estar en posesión dos coñecementos e habilidades esixidos en Cuarto Curso. Para iso deberán superar con éxito as probas que a especifican a continuación:

- Realización dun exercicio con cuestións de intervállica e tonalidades.
- Tocar na guitarra acordes tríade e todo tipo de acordes con 7^a, co obxecto de demostrar que se coñece a súa constitución.
- Realización na guitarra a catro partes de varios baixos cifrados usando os enlaces de voces tradicionais. Incluirán triadas e acordes de Dominante con 7^a en Estado Fundamental e investimentos.
- Realización de progresións usando o enlace V7-I.
- Interpretación na guitarra, tanto do acompañamento só, como da melodía xunto co seu acompañamento, de varias melodías a harmonía das cales estea escrita con cifrado Americano. Incluirá triades e todo tipo de acordes con 7^a
- Interpretación na guitarra dos blues vistos durante o curso. Improvisación sobre a súa estrutura harmónica.
- Creación e desenvolvemento rítmico no teclado de varias estruturas harmónicas de oito compases
- Desenvolvemento dun motivo melódico dentro dunha estrutura harmónica dada.

10.- PROBA DE PIANO COMPLEMENTARIO

Esta proba consta de tres partes:

1. Interpretación.
2. Lectura a primeira vista.
3. Improvisación.

1. Interpretación ao piano dunha obra de libre elección de dificultades similares ás que se atopan nos Recursos Didácticos do terceiro curso da programación.
2. Lectura a primeira vista dun exercicio entregado polo Tribunal. Terá un máximo de 16 compases en tonalidades de ata tres alteracións e incluírá os graos I-II-IV-V7-II.
3. Improvisación sobre o mesmo exercicio no que se realizou a lectura a primeira vista ,cambiando a melodía ou o patrón de acompañamento. segundo o determine o Tribunal.

Para as probas 2 e 3,o alumno dispoñerá de 10 minutos para a súa realización,antes de tocalo ó piano.